

## **DECRETO DO ALCALDE NOMEANDO AOS MEMBROS E AO CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

A Xunta de Goberno Local é un órgano de existencia obrigatoria neste Concello de conformidade co establecido no artigo 126 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, no artigo 59.2-b da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia e artigos 19 e ss. do Regulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra está integrada polo Alcalde e un número non superior ao terzo do número legal dos que compoñen o Pleno, dos cales como máximo un terzo poden ter a condición de non concelleiros (artigos 126.2 da Lei 7/1985 e 20 do Regulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra).

O nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra correspóndelle de forma libre o Alcalde de conformidade co artigo 126.2 da Lei 7/1985 así como artigo 20 do Regulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra.

A secretaría da Xunta de Goberno Local correspóndelle a un concelleiro entre os membros da Xunta de Goberno Local segundo o establecido no artigo 126.4 da Lei 7/1985 e artigo 20.3 do Regulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra. Así mesmo, neste último artigo prevese a designación dun substituto para os casos de ausencia, abstención ou enfermidade do concelleiro-secretario.

Por outra banda, o Pleno a través do Regulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra, de conformidade co artigo 211 da Lei 5/1997, fixou no seu artigo 23.6 a periodicidade das sesións da Xunta de Goberno Local con carácter semanal.

A vista do exposto, en exercicio das facultades que me confire a lexislación vixente, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra ós/ás seguintes concelleiros/as:

Dona María Carmen da Silva Méndez

Dona Anabel Gulías Torreiro

Don Demetrio Gómez Xunqueira

Don Xosé Luis Bará Torres

Dona María dos Anxos Riveiro Portela

Don Raimundo González Carballo

Dona María do Carme Fouces Díaz

Don Vicente García Legísima

SEGUNDO.- Nomear ó concelleiro membro da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra D. Raimundo González Carballo como secretario da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, quen asumirá as funcións establecidas no artigo 126 da Lei 7/1985 e no Regulamento orgánico do goberno e da administración municipal do Concello de Pontevedra. Nomear como substituta do Concelleiro-Secretario á concelleira membro da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra Dona María dos Anxos Riveiro Portela.

TERCEIRO.- Notifíquese, persoalmente, este Decreto ós concelleiros nomeados e dese conta da mesma o Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día da data.

Así o decreta e ordena o Excmo. Sr. Alcalde, o 13 de xuño de 2015, ante o Secretario da Administración Municipal que da fe do acto.

O Alcalde  
Municipal

O Secretario Admón.

Miguel A. Fernández Lores  
Piñeiro

José Carlos Castiñeira